WIKIPEDIA

Nynorsk

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **Nynorsk** (literalmente "novo norueguês") é unha das dúas normativas estándar (*Standardspråk*) oficiais da lingua norueguesa, usada como norma escrita por algo máis do 10% dos falantes de norueguês[1]. A forma máis utilizada é o *Bokmål*.

Índice

Historia

Desde os tempos dos viquingos, varios dialectos da lingua norueguesa son falados no territorio do país. A pesar de seren mutuamente intelixibles, cada un deles presenta características distintas, especialmente na fonética, semántica e na morfoloxía. A partir da Unión de Kalmar, no século XVI, Noruega e o seu pobo ficarán baixo o dominio de Dinamarca. Ese dominio reflectiu directamente na lingua, pois o dinamarqués pasou a ser a lingua oficial do reino, sendo a única lingua oficial por varios séculos en todo o territorio norueguês. Posteriormente, a partir da separación da Dinamarca en 1809, unha nova ortografía norueguesa, o *riksmaal* altamente baseada na norma dinamarquesa, foi adoitada na Noruega.

Descontentamento

Entre tanto, os habitantes das rexións menos urbanas (por consecuente menos suxeitas ás imposicións dinamarquesas) non se sentían á vontade ou representadas pola variante oficial. Innumerables características dos seus dialectos non eran representadas, facendo que certos falantes sentisen mesmo que escribían unha lingua estranxeira na escola.

Ivar Aasen

Un investigador e poeta norueguês de orixe rural, Ivar Andreas Aasen, é hoxe considerado como o creador do novo norueguês. A partir de investigacións intensas nos falares, dialectos e variantes do interior da Noruega, especialmente do oeste do país. A publicación do seu libro *Gramática dos dialectos noruegueses*, foi un marco importante na historia do novo norueguês, pois tornou coñecidas diversas formas diferentes do norueguês oficial.

Notas

1. "Copia arquivada" (PDF). Arquivado dende o orixinal (PDF) o 09 de novembro de 2011. Consultado o 08 de decembro de 2009.

Véxase tamén

Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Nynorsk&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.



Existe unha versión da Wikipedia en ***Nynorsk***